

**ACTA**

|                       |                          |
|-----------------------|--------------------------|
| <b>Expediente nº:</b> | <b>Órgano Colexiado:</b> |
| JGL/2026/22           | A Xunta de Goberno Local |

| <b>DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN</b> |                                   |
|---------------------------------------|-----------------------------------|
| <b>Tipo Convocatoria</b>              | Ordinaria                         |
| <b>Data</b>                           | 05 de xuño de 2026                |
| <b>Duración</b>                       | Dende as 10:34 ata as 10:45 horas |
| <b>Lugar</b>                          | Sala de Reunións                  |
| <b>Presidida por</b>                  | Paula Mª Fernández Pena           |
| <b>Secretaria</b>                     | Déborah García Suárez             |
| <b>Interventor</b>                    | Leopoldo Moure Dopico             |

| <b>ASISTENCIA A SESIÓN</b>      |               |
|---------------------------------|---------------|
| <b>Nome e Apelidos</b>          | <b>Asiste</b> |
| Estefanía Taín Surribas         | SÍ            |
| Manuel Requeijo Rey             | SÍ            |
| María Asunción García Hernández | SÍ            |
| Mónica González Conde           | SÍ            |

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA****Aprobación da acta da sesión anterior: 22.05.2026****Concello de Silleda**

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 22 de maio de 2026.

**Expediente 640/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 4 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a Dna. .L.T. usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo de documentación administrativa necesaria para o trámite de regularización.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente en traslado, a nome de Dna. L.T. con NIE \*\*\*833\*\*\*.

**Segundo.-** Aprobar o pago por un total de 278 €, de acordo ao indicado no informe da técnica municipal responsable dos trámites de regularización, realizando o ingreso no número de conta da persoa usuaria establecido na expediente correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 641/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 4 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a Dna. G.S.C., usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo de documentación administrativa necesaria para o trámite de regularización.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente en traslado, a nome de Dna. G.S.C., con NIE \*\*\*835\*\*\*.

**Segundo.-** Aprobar o pago por un total de 278 €, de acordo ao indicado no informe da técnica municipal responsable dos trámites de regularización, realizando o ingreso no número de conta da persoa usuaria establecido na expediente correspondente.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### **Expediente 860/2026. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 27 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha usuaria de Servizos Sociais que se atopa en situación de vulnerabilidade económica e solicita o apoio para sufragar o custo da do traslado a dependencias xudiciais por unha citación.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente en traslado, a nome de Dna. F.L.I. con DNI 44\*\*\*

**Segundo.-** Aprobar o pago delegado a Santiago López Fernández, con DNI \*\*\*198\*\*\*, factura número NV-000026 por un importe de 40,00 €.

**Terceiro.-** Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

#### **Expediente 1467/2023. Ocupación de espazos no Viveiro de Empresas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista da solicitude de data 15/04/2026 de ocupación de espazos no Viveiro de Empresas presentada polo Sr. Alberto Maceira Balboa.

Visto que para atender á devandita solicitude a Comisión de Seguimento de Viveiro de Empresas reúnese o 18 de maio de 2026.

Visto o acordo da Comisión de Seguimento recollido na Acta e que se transcribe literalmente:

*“Reunida a Comisión de Seguimento do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda, composta por:*

- Paula María Fernández Pena, alcaldesa.*
- Estefanía Taín Surribas, concelleira de Promoción Económica e Axenda 2030.*
- Juan Carlos Peteiro Rodríguez, AEDL municipal.*
- M<sup>a</sup> Soledad Rey Asorey, (funcionaria municipal, que actúa como secretaria).*

*Sendo as 9:30 horas do día 18 de maio de 2026, reúnense as persoas anteriormente relacionadas na Sala de Xuntas da Casa do Concello de Silleda, co obxecto de proceder á valoración da solicitude de ocupación de espazos no Viveiro de Empresas presentada polo Sr. Alberto Maceira Balboa.*

*Examinada a documentación achegada xunto coa solicitude, así como a memoria descritiva do proxecto denominado “LAR\_LEX Avogados”, que consiste na posta en marcha dun servizo de asesoramento xurídico especializado con apoio nunha plataforma dixital.*

*Á vista do anterior, a Comisión acorda estimar favorablemente a solicitude presentada e autorizar ao solicitante o uso provisional do despacho número 6 do Viveiro de Empresas por un período inicial dun (1) mes, co fin de posibilitar o desenvolvemento e implantación da plataforma dixital descrita na memoria presentada.*

*Unha vez acreditada documentalmente a efectiva creación e posta en funcionamento da antedita plataforma, poderá autorizarse a continuidade da estancia no viveiro, logo da correspondente revisión e informe favorable desta Comisión de Seguimento, de conformidade co procedemento previsto no punto VI das Bases reguladoras do funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Silleda.*

*E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:00 horas, levántase a sesión, estendéndose a presente acta, que asinan as persoas integrantes da Comisión.”*

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**Expediente 891/2026. Contratacións. MELLORA DE VIARIOS MUNICIPAIS EN BREIXA E PARADA****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz titulado “**MELLORA DE VIARIOS MUNICIPAIS EN BREIXA E PARADA**”, con presuposto base de licitación de 228.717,52€ (IVE incluído).

Vista a solicitude de subvención, por importe 228.717,52€ presentada polo Concello de Silleda a través do Plan Extraordinario VIA DEPO da Deputación de Pontevedra.

Vista a acta de trazado previo que figura no expediente (891/2026).

Visto o informe técnico emitido o 28/05/26, relativo ao cumprimento do planeamento en vigor, afeccións sectoriais e informe de supervisión.

Vistas as solicitudes de autorización sectorial, necesarias para levar a cabo a actuación, remitidas a:

- Augas de Galicia
- Consellería de Medio Rural
- Servizo Provincial Da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra
- Deputación de Pontevedra

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto “**MELLORA DE VIARIOS MUNICIPAIS EN BREIXA E PARADA**” con presuposto base de licitación por importe de 228.717,52€ (IVE incluído) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación por tramitación anticipada da obra “**MELLORA DE VIARIOS MUNICIPAIS EN BREIXA E PARADA**” por importe de 228.717,52€ (IVE incluído), solicitando ao persoal técnico competente a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

**Expediente 17/2026. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. AÑO 2026****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Visto** que na sesión celebrada o 25 de maio de 2026, a Mesa acorda requirir ó licitador OTERO FORESTAL, S.L.U. a que aporte a documentación que aclare o recollido no informe do Capataz de Obras do Concello de Silleda, Dº Francisco Javier Gómez Rey, de data 25 de maio de 2026.

**Visto** que dito requirimento efectúase o 25 de maio de 2026, Rexistro de Saída n.º 2026-S-RE-692, sendo recepcionado o mesmo día 25 de maio de 2026.

**Visto** que mediante escrito de data 28 de maio de 2026, Rexistro de Entrada n.º 2026-E-RE-962, o licitador OTERO FORESTAL, S.L.U., presenta a documentación solicitada.

**Vista** que a mencionada documentación é examinada polo Capataz de Obras do Concello de Silleda, Dº Francisco Javier Gómez Rey, o cal, con data 02 de xuño de 2026, emite o seguinte informe que transcríbese literalmente:

**“INFORME TÉCNICO SOBRE A DOCUMENTACIÓN PRESENTADA EN SUBSANACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE MEDIOS**

**Expediente:** 17/2026

**Contrato:** Servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda. Ano 2026

*O presente informe ten por obxecto analizar a documentación presentada pola empresa **OTERO FORESTAL S.L.U. en data 29 de maio de 2026 (rexistro de entrada 2026-E-RE-962)**, en trámite de subsanación, tras o informe técnico emitido con data 25 de maio de 2026, co fin de comprobar se queda acreditada de maneira suficiente a disposición dos medios esixidos nos pregos que rexen o contrato para o servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda.*

*Unha vez examinada a nova documentación achegada, conclúese que non poden considerarse subsanados determinados aspectos esenciais, en concreto os correspondentes aos apartados a) e c) do informe técnico de data 25 de maio de 2026, polos motivos que se indican a continuación:*

**a) Incumprimento das características técnicas da maquinaria**

*No informe de data 25 de maio de 2026 indicábase que non se acreditaba o alcance e tipoloxía dos brazos desbrozadores propostos.*

*Na documentación presentada non queda acreditada a disposición dun brazo semilateral rozador cun alcance mínimo de 1,80 metros.*

**Polo tanto, mantense o incumprimento.**

**c) Insuficiencia de medios válidos**

*No informe técnico de data 25 de maio de 2026 indicábase que non quedaba suficientemente acreditada a*

disposición de parte da maquinaria esixida nos pregos.

En concreto continúa sen acreditarse a disposición da trituradora desprazable/brazo semilateral, recogida en el Pliego de Prescripciones técnicas para a contratación do servizo, concretamente no Punto 6, apartado medios materiais, punto 2: “Dos tractores provistos de **Brazo semilateral rozador de alcance mínimo de 1.80 metros**”

**Polo tanto, mantense o incumprimento.**

Ademais, revisada a documentación achegada, compróbase que a empresa amplía a información relativa á maquinaria e ao persoal dos que dispón. Non obstante, non dá resposta ao recollido no informe de 25 de maio de 2026, ao continuar presentando unha relación xeral de medios da empresa, sen concretar nin limitar os medios efectivamente adscritos á execución deste contrato conforme á oferta presentada e ás esixencias do PPT.

**Polo tanto, mantense o incumprimento.**

Á vista do anterior, e a pesar de que o resto dos aspectos sinalados no requirimento poden considerarse subsanados, conclúese que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos en materia de medios materiais, ao non xustificarse de forma suficiente a disposición dos medios esixidos nos pregos que rexen o contrato.

Por todo o anterior, **infórmase desfavorablemente a documentación presentada** para os efectos de ter por cumprido o requirimento efectuado.

Francisco Javier Gómez Rey  
Capataz de obras.”

Visto que con data 03 de xuño de 2026, a Mesa de Contratación, ao tratarse dunha cuestión que require coñecementos especializados en maquinaria, actúa en base ao informe técnico. A súa decisión baséase no informe técnico emitido polo Capataz de Obras Municipal, que conclúe que non queda acreditada a disposición dos medios materiais mínimos esixidos nos pregos, mantendo os incumprimentos previamente sinalados en relación coa maquinaria necesaria para a execución do contrato, polo que ACORDA:

**“PRIMEIRO.- PROPOÑER A EXCLUSIÓN** da oferta presentada polo licitador OTERO FORESTAL, S.L.U., con C.I.F. B36358067, no procedemento de licitación do contrato de servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda (Expte. 17/2026).

A exclusión fundáméntase en que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos pregos en relación cos medios materiais adscritos á execución do contrato, persistindo incumprimentos esenciais postos de manifesto no informe técnico.

En consecuencia, a Mesa acorda elevar ao órgano de contratación proposta de exclusión da

*oferta presentada pola citada empresa.*

**SEGUNDO.-** En consecuencia, o órgano de contratación, de aceptar a proposta de exclusión da oferta presentada polo licitador OTERO FORESTAL, S.L.U., con C.I.F. B36358067, procederá á devolución da garantía definitiva constituída no seu momento como parte dos requisitos exixidos para a posible adxudicación.

**TERCEIRO.-** Requirir a documentación ó licitador, **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, S.L.**, con N.I.F. B36408987, para que presente a documentación por ser a terceira oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2026” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 25 do Anexo I do mesmo prego.

O licitador deberá ter en conta o recollido **no punto 24.2 do Anexo I** do PCAP, onde se sinala que deberá entregar un compromiso de dispoñer, dende o inicio do contrato, dos medios de adscripción necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- EXCLUIR** a oferta presentada polo licitador OTERO FORESTAL, S.L.U., con C.I.F. B36358067, no procedemento de licitación do contrato de servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do Concello de Silleda (Expte. 17/2026).

A exclusión fundaméntase en que non queda acreditado o cumprimento dos requisitos mínimos esixidos nos pregos en relación cos medios materiais adscritos á execución do contrato, persistindo incumprimentos esenciais postos de manifesto no informe técnico.

En consecuencia, a Mesa acorda elevar ao órgano de contratación proposta de exclusión da oferta presentada pola citada empresa.

**SEGUNDO.-** Proceder á devolución da garantía definitiva constituída no seu momento como parte dos requisitos exixidos para a posible adxudicación. (Aval n.º 9340.03.2760010-03 de CaixaBank, S.A., de data 14 de maio de 2026, polo importe de 3.776,75 €).

**TERCEIRO.-**Requirir a documentación ó licitador, **SERVICIOS AGROINDUSTRIALES**

**BASCUAS, S.L.**, con N.I.F. B36408987, para que presente a documentación por ser a segunda oferta máis vantaxosa das presentadas para a licitación do contrato de servizos denominado “CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2026” para que, dentro do prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación que se relaciona na Cláusula 27 do PCAP, ó igual que a constitución da garantía definitiva que se recolle na Cláusula 21 do PCAP e o punto 25 do Anexo I do mesmo prego.

O licitador deberá ter en conta o recollido **no punto 24.2 do Anexo I** do PCAP, onde se sinala que deberá entregar un compromiso de dispoñer, dende o inicio do contrato, dos medios de adscripción necesarios para atender á prestación do servizo, de acordo coas previsións do prego técnico.

**Expediente 121/2026. POXA PÚBLICA PARCELAS POLÍGONO ÁREA 33**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Visto** o contido da escritura de cesión outorgada en Silleda o día 6 de marzo de 2013, ante o Notario Manuel Barros Gallego, co número 226 de protocolo, en virtude da cal as entidades Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A. (XESTUR PONTEVEDRA) e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) cederon ao Excmo. Concello de Silleda, entre outras, unha parcela cunha superficie de 1.551,51 m<sup>2</sup>, identificada no expoñendo II, punto 1, e clasificada como solo industrial;

**Visto**, así mesmo, o contido da escritura de segregación outorgada en Silleda o día 19 de decembro de 2025, ante o mesmo Notario, co número 1.821 de protocolo, pola que se segrega unha parcela de 991 m<sup>2</sup>, identificada no expoñendo II letra A, sita tamén no citado polígono industrial;

**Visto** que ambas parcelas constan como de titularidade municipal e non se atopan afectas a uso ou servizo público, tendo, polo tanto, a condición de bens patrimoniais, conforme ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño;

**Visto** o informe técnico de valoración emitido polo arquitecto municipal con data 16 de febreiro de 2026, no que se determina o valor de mercado das parcelas situadas no Polígono Empresarial Área 33, e no que se fixa o prezo de referencia para o seu alleamento .

**Visto** o informe xurídico asinado con data 25 de febreiro de 2026, no que se conclúe que as parcelas teñen a consideración de bens patrimoniais integrados no Patrimonio Municipal do Solo, e no que se determina a procedencia do seu alleamento mediante poxa pública.

**Vista** a Providencia de inicio do expediente na que se pon de manifesto que as parcelas obxecto do expediente non se atopan destinadas a uso ou servizo público, polo que teñen a consideración de bens patrimoniais, e que non se aprecia a necesidade de mantelas no patrimonio municipal para a súa afectación a un uso público, nin a existencia de interese público que xustifique a súa conservación en situación de inactividade.

**Considerando** que ditas parcelas forman parte do Patrimonio Municipal do Solo, estando suxeitas a un réxime de destino condicionado conforme á lexislación urbanística vixente.

**Considerando** que a xestión do patrimonio das entidades locais debe orientarse á súa utilización eficiente, evitando a permanencia de bens sen uso efectivo que non contribúan á satisfacción do interese xeral.

**Considerando** que o mantemento das parcelas en situación de inactividade non responde a unha finalidade pública inmediata, e que o seu alleamento permitirá:

- A posta en valor do solo empresarial dispoñible.
- A dinamización da actividade económica no termo municipal.

- A implantación de iniciativas empresariais conforme ao planeamento urbanístico vixente.
- O cumprimento dos fins propios do Patrimonio Municipal do Solo, favorecendo a creación de solo para actividades produtivas.

**Considerando** que os ingresos derivados do alleamento deberán destinarse aos fins legalmente previstos para o Patrimonio Municipal do Solo, contribuíndo á súa conservación, xestión e ampliación.

**Considerando** que o procedemento de alleamento mediante poxa pública garante o respecto aos principios de publicidade, concorrência e transparencia, permitindo a obtención do mellor prezo posible para os intereses municipais.

**Vistos** o pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento..

**Visto** informe xurídico asinado o 24 de abril de 2026.

**Visto** informe de intervención asinado o 24 de abril de 2026.

**Vista** a publicidade e a convocatoria da poxa no perfil do contratante que o Concello de Silleda ten aloxado na Plataforma de Contratación do Estado e no Boletín Oficial da Provincia.

**Vista** a última acta da Mesa de Contratación de data 03 de xuño de 2026 na que se realiza una proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

**Visto** o disposto no Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, así como na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que establecen a poxa pública como forma ordinaria de alleamento dos bens patrimoniais.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 2 de xuño de 2026 e clasificar definitivamente as ofertas presentadas de conformidade coa orde establecida na devandita acta.

| OFERTAS PRESENTADAS PARA O<br>LOTE 1 (segregación de parcela 544)<br>R.C. 36052A049005440000KS, Superficie 991,00 m²<br>Importe Total da Valoración 73.265,62 € |                                    |                 |             |               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|-----------------|-------------|---------------|
| LICITADOR                                                                                                                                                       |                                    | IMPORTE SEN IVE | IVE         | IMPORTE TOTAL |
| 1º                                                                                                                                                              | COESCO DEZA, S.L.U.<br>(B36307270) | 60.751,10 €     | 12.757,73 € | 73.508,83 €   |

|    |                                                 |             |             |                    |
|----|-------------------------------------------------|-------------|-------------|--------------------|
| 2º | <b>CARROCERÍAS SILLEDA, S.L.</b><br>(B36578052) | 60.700,00 € | 12.747,00 € | <b>73.447,00 €</b> |
|----|-------------------------------------------------|-------------|-------------|--------------------|

| <b>OFERTAS PRESENTADAS PARA O</b><br><b>LOTE 2 (parcela 746)</b><br><b>R.C. 36052A038007460001LA, Superficie 1.551,51 m²</b><br><b>Importe Total da Valoración 114.704,68 €</b> |                                                 |                        |             |                      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|------------------------|-------------|----------------------|
|                                                                                                                                                                                 | <b>LICITADOR</b>                                | <b>IMPORTE SEN IVE</b> | <b>IVE</b>  | <b>IMPORTE TOTAL</b> |
| 1º                                                                                                                                                                              | <b>FARIÑA MAQUINARIA, S.L.</b><br>(B70104781)   | 97.865,00 €            | 20.551,65 € | <b>118.416,65 €</b>  |
| 2º                                                                                                                                                                              | <b>CARROCERÍAS SILLEDA, S.L.</b><br>(B36578052) | 94.900,00 €            | 19.929,00 € | <b>114.829,00 €</b>  |

**SEGUNDO.-** Adxudicar o **LOTE 1 (segregación da parcela 544, referencia catastral 36052A049005440000KS)** á entidade **COESCO DEZA, S.L.U. (CIF B36307270)** polo importe ofertado de:

- Prezo sen IVE: 60.751,10 €
- IVE (21 %): 12.757,73 €
- Total adxudicación: 73.508,83 €

**TERCEIRO.-** Adxudicar o **LOTE 2 (parcela 746, referencia catastral 36052A038007460001LA)** á entidade **FARIÑA MAQUINARIA, S.L. (CIF B70104781)** polo importe ofertado de:

- Prezo sen IVE: 97.865,00 €
- IVE (21 %): 20.551,65 €
- Total adxudicación: 118.416,65 €

**CUARTO.-** Requiritr ás entidades adxudicatarias para que procedan ao pagamento do prezo de adxudicación e do IVE correspondente no prazo máximo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación do presente acordo, segundo o disposto na cláusula 5.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

De conformidade coa cláusula 5.6 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, as garantías provisionais constituídas mediante ingreso en efectivo aplicaranse ao pagamento do prezo de venda das parcelas obxecto de adxudicación.

En consecuencia:

**Lote 1 – COESCO DEZA, S.L.U.**

- Importe total da adxudicación: 73.508,83 €
- Garantía provisional constituída: 3.027,51 €
- Importe pendente de aboar: 70.481,32 €

**Lote 2 – FARIÑA MAQUINARIA, S.L.**

- Importe total da adxudicación: 118.416,65 €
- Garantía provisional constituída: 4.739,86 €
- Importe pendente de aboar: 113.676,79 €

Os importes pendentes deberán ingresarse na conta bancaria municipal que se indique na correspondente notificación.

Advertir ás entidades adxudicatarias que a falta de pagamento no prazo indicado determinará o decaemento do seu dereito á adquisición da parcela correspondente, procedéndose á incautación da garantía provisional constituída e podendo o Concello requirir ao seguinte licitador clasificado por orde decrecente do importe ofertado, de conformidade co disposto nas cláusulas 5.4 e 5.5 do Prego.

**QUINTO.-** Facer constar que as parcelas obxecto da presente alleación forman parte do Patrimonio Municipal do Solo, polo que os ingresos obtidos pola súa transmisión quedan afectados aos destinos establecidos no artigo 134 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, non tendo en consecuencia a consideración de recursos de libre disposición. A Intervención Municipal adoptará as medidas de control e seguimento contable necesarias para garantir a correcta aplicación destes recursos aos fins legalmente previstos.

**SEXTO.-** Dispor a devolución da garantía provisional constituída por **CARROCERÍAS SILLEDA, S.L. (CIF B36578052)** por importe de 7.767,37 €, ao non resultar adxudicataria de ningún dos lotes obxecto da presente poxa, de conformidade co disposto na cláusula 5.6 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

**SÉTIMO.-** Dispor que a formalización das compravendas en escritura pública terá lugar unha vez acreditado o pagamento íntegro do prezo de adxudicación e dentro dos prazos previstos na cláusula 5.5 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, debendo incorporarse ás correspondentes escrituras públicas as obrigas de destino, edificación, prazos de cumprimento, penalidades e demais condicións esenciais previstas no citado Prego.

**OITAVO.-** Facultar á Alcaldía para a realización de cantos actos sexan necesarios para a execución do presente acordo e, en particular, para a sinatura das escrituras públicas de compravenda e demais documentos que resulten precisos.

**NOVENO.-** Notificar o presente acordo aos interesados e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante do Concello de Silleda.

**Expediente 939/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Legalización para Urbanización de aparcamento publico asociado a supermercado****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- R.D. 763/2017, de 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago.
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda (en adiante PXOM), aprobado definitivamente mediante Orde do 23 de decembro de 2022 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG núm. 14, do 20 de xaneiro de 2023), con publicación normativa o 08 de maio de 2023 (BOP núm. 87, do 08 de maio de 2023).
- Demais normativa concordante e de aplicación.

**ANTECEDENTES:**

**1º.-** Consta no expediente que con data 16/02/2022 (registro de entrada 2022-E-RE-748), o representante do solicitante presenta solicitude de licencia ou autorización urbanística para *“legalización para urbanización de aparcamiento público asociado a supermercado”*. Achegase coa solicitude:

- *“Expediente de legalización y memoria valorada de obras menores para urbanización de aparcamiento público asociado a supermercado”*, asinado polos arquitectos D. Luciano González Domínguez e D. Miguel Estévez Gómez visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (visado nº 2203319,2 de 08.06.2022, CVE: AD8C3112D577).
- Autoliquidación e xustificante de aboamento do ICIO (2.094,59 €)
- Solicitude de Licencia ou Autorización Urbanística para *“Legalización para urbanización de aparcamiento público asociado a supermercado”*.

**2º.-** Consta no expediente que o día 25/01/2023 o arquitecto municipal emite informe con requirimento de documentación a emendar. Informe remitido na data 26/01/2023 ao interesado Distribuciones Froiz SA (registro de saída 2023-S-RE-96) e ao representante D. Jose María Froiz Prieto (registro de saída 2023-S-RE-94).

**3º.-** Con data 06/02/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-152), o representante do interesado D. José María Froiz Prieto presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- Escritura de apoderamiento otorgada pola entidade *“Distribuciones Froiz, S.A.”* a favor de Don José María Froiz Prieto.
- DNI de D. José María froiz Prieto compulsado.
- Escritura de constitución da sociedade *“Distribuciones Froiz, S.A.”*
- *“Anexo como enmienda a expediente de legalización y memoria valorada de obras menores para urbanización de aparcamiento público asociado a supermercado como contestación al requerimiento del Concello firmado el 26/01/2023 del expediente número 939/2022”*

**4º.-** Con data 13/03/2023 o arquitecto municipal emite informe con requirimento de documentación a emendar. Informe remitido na data 15/03/2023 (registro de saída 2023-S-RE-239) ao interesado Distribuciones Froiz, S.A.

**5º.-** O día 24/03/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-340) achégase a pre-solicitude de AESA.

**6º.-** O día 05/06/2023 recíbese autorización de AESA. Autorización con CSV: AESASRVAAISA000GTBCQLRIM9HRCDA.

**7º.-** O día 06/07/2023 o arquitecto municipal emite informe con requirimento de documentación a emendar. Informe remitido na data 18/07/2023 ao interesado (registro de saída 2023-S-RE-701) e ao representante D. José María Froiz Prieto (registro de saída 2023 S-RE-702).

**8º.-** O día 02/08/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-932) o representante D.José María Froiz Prieto

presenta para achegar ao expediente os seguintes documentos:

- *“Anexo de modificación para enmienda del expediente de legalización y memoria valorada de obras menores para urbanización de aparcamiento público asociado a supermercado como contestación al requerimiento del Concello firmado el 18/07/2023 del expediente número 939/2022”*

**9º.-** Consta no expediente informe favorable á legalización para Urbanización de aparcamento de aparcamiento publico asociado a supermercado, sito na Rúa Emilio Alonso Paz N°58, Silleda, asinado polo Arquitecto municipal de data 07 de abril de 2026.

**10º.-** Consta no expediente informe xurídico favorable asinado pola Secretaria municipal de data 05 de xuño de 2026.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder a **DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.U.** licenza urbanística de legalización para a **urbanización de aparcamento publico asociado a supermercado**, situadas na **Rúa Emilio Alonso Paz nº 58, Silleda**, de conformidade co proxecto técnico presentado e coa documentación complementaria incorporada ao expediente.

**SEGUNDO.-** A presente licenza outórgase de conformidade co proxecto técnico redactado por **D. Luciano González Domínguez e D. Miguel Estévez Gómez**, arquitectos, e queda condicionada ao cumprimento íntegro:

- a) Das determinacións contidas no informe técnico municipal.
  - b) Das condicións establecidas na autorización emitida pola **Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA)** que consta incorporada ao expediente.
  - c) Da restante normativa sectorial que resulte de aplicación.
- Adxúntase a esta resolución o informe do Arquitecto municipal para tal fin.

**TERCEIRO.-** A presente licenza urbanística refírese exclusivamente ás actuacións descritas no proxecto técnico de legalización, non amparando obras distintas das expresamente autorizadas.

**CUARTO.-** Con carácter previo ao exercicio efectivo da actividade deberá presentarse a correspondente comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou apertura do establecemento, nos termos previstos na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e demais normativa de aplicación.

**QUINTO.-** A presente licenza de legalización outórgase exclusivamente para os efectos de verificar a conformidade urbanística das actuacións executadas, sen prexuízo das actuacións que, se é o caso, puidesen derivarse da eventual existencia de procedementos de reposición da legalidade urbanística ou sancionadores relacionados coa execución das obras obxecto deste expediente.

**SEXTO.-** A presente licenza concédese deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de

terceiros, de conformidade co artigo 350.3 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

**SÉTIMO.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais correspondentes para os efectos da comprobación do custo real e efectivo das obras e da práctica, se procede, da correspondente liquidación definitiva do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e demais tributos municipais aplicables.

**OITAVO.-** Notificar o presente acordo á entidade interesada, con indicación de que o mesmo pon fin á vía administrativa e dos recursos que procedan en Dereito.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**